

## PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES DE DIXITAL WEEK 2022

Centro educativo **CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza** Curso: .....**6ºEP**.....  
Datas de inicio e fin da actividade: 2 de outubro de 2022

### TRATAMENTO DE DATOS PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

En virtude do contrato formalizado entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a empresa Hezkide XXI, S.L (B-20717278), con marca rexistrada Play&Say, resultante do procedemento de licitación da organización e desenvolvemento da actividade educativa DIXITAL WEEK 2022, infórmase de que Hezkide XXI, S.L será a entidade encargada do tratamento dos datos de carácter persoal que sexa necesario para garantir o correcto desenvolvemento da devandita actividade, que se realizará en réxime de aloxamento e pensión completa.

Dentro das funcións de tratamento encomendadas a Hezkide XXI, S.L atópase a de recollida, rexistro, estruturación, modificación, conservación, difusión e devolución dos datos vinculados á adecuada execución da actividade.

Os datos de carácter persoal obxecto do tratamento están ou serán incorporados a un ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia denominado “*Alumnado*”, de cuxo tratamento é responsable a Secretaría Xeral Técnica da CCEOU, e serán utilizados única e exclusivamente para a finalidade que motivou o encargo (desenvolvemento da actividade DIXITAL WEEK 2022). En ningún caso o encargado do tratamento poderá utilizar os datos para fins propios.

Hezkide XXI, S.L está obrigada a manter o deber de segredo respecto dos datos de carácter persoal aos que teña acceso en virtude deste encargo, incluso despois de que teña finalizado o seu obxecto, así como a garantir que as persoas autorizadas a tratalos se comprometan a respectar a confidencialidade e a aplicar as medidas de protección coherentes co nivel de protección asociado á natureza dos datos obxecto de tratamento, de conformidade con lo establecido na normativa vixente.

Os datos obxecto do tratamento por mor desta actividade serán devoltos ao responsable do tratamento por Hezkide XXI, S.L logo de cumprida a prestación.

A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da CCEOU, como responsable do tratamento, previo contacto por correo electrónico no enderezo corporativo da devandita unidade administrativa ([sxt.cultura.educacion@xunta.gal](mailto:sxt.cultura.educacion@xunta.gal)). Unha vez recibida a solicitude por este medio, informarase á persoa interesada dos trámites necesarios para exercer os devanditos dereitos.

De acordo con todo o exposto, Hezkide XXI, S.L recollerá, a través deste impreso, os datos que se indican a continuación.

## A. DATOS DE IDENTIFICACIÓN E CONTACTO

Nome e apelidos do alumnado participante:

Enderezo

Localidade

Provincia

Código Postal

Data de nacemento

Nome e apelidos da nai / pai / representante legal:

DNI

Teléfono de contacto  
en caso de urxencia

Correo electrónico (opcional)

Nome e apelidos da nai / pai / representante legal:

DNI

Teléfono de contacto  
en caso de urxencia

Correo electrónico (opcional)

## B. DATOS ESPECÍFICOS

### B.1 NECESIDADES ESPECIAIS

Presenta necesidades educativas especiais

NON / SI

En caso afirmativo, indique cales, e os requirimentos específicos que se lle dispensan no centro educativo:

### B.2 SAÚDE

Sofre algún proceso alérxico?

NON / SI

En caso afirmativo, indicar cal/es e acompañar certificado médico:

Sofre algunha enfermidade de especial consideración (epilepsia, convulsións, diabetes, etc)?	NON / SI
--	----------

En caso afirmativo, indicar se está controlada, se require a administración dalgún medicamento (insulina, etc) e a súa posoloxía (se é necesario acompañar un documento no que se relacione con detalle):

Precisa dalgunha dieta alimenticia?	NON / SI
-------------------------------------	----------

En caso afirmativo, indicar cal/es:

Ten algunha enfermidade transmisible con risco de contaxio?	NON / SI
---	----------

En caso afirmativo, indicar que precaucións se requiren:

Consigne neste espazo calquera outra observación que considere pertinente para os efectos da correcta atención do alumno/a durante a súa estancia na actividade.

Os pai/nai/representante/s legais responsabilízanse da veracidade de todos os datos consignados neste impreso

Lugar e data

Asdo: .....  
(a nai/representante legal)

Asdo: .....  
(o pai/representante legal)

**B.3 OUTROS DATOS - AUTORIZACIÓN PARA O USO DE IMAXES**
**Alumnado menor de 14 anos**

D./Da.....  
co DNI ....., na miña condición de nai/pai/representante legal do alumno/a

.....,  
(riscar o que NON proceda) AUTORIZO//NON AUTORIZO o tratamento (recollida, rexistro, estruturación, conservación e difusión) da imaxe deste/a alumno ou alumna no marco da actividade DIXITAL WEEK 2022 promovida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A difusión limitarase á páxina web da empresa responsable do desenvolvemento da actividade ( <https://playandsay.org>), ao portal educativo ( [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)) e aos medios de comunicación, no estrito contexto da DIXITAL WEEK.

Así mesmo, recoñezo ter sido informado/a da posibilidade de revogar este consentimento en calquera momento, mediante unha comunicación escrita dirixida á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Lugar e data .....,..... de 2022

Asdo: .....  
(a nai/representante legal)

Asdo: .....  
(o pai/representante legal)

**Alumnado maior de 14 anos**

D./Da. ....  
co DNI....., AUTORIZO//NON AUTORIZO

o tratamento (recollida, rexistro, estruturación, conservación e difusión) da miña imaxe no marco da actividade DIXITAL WEEK 2022 promovida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A difusión limitarase á páxina web da empresa responsable do desenvolvemento da actividade ( <https://playandsay.org>), ao portal educativo ( [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)) e aos medios de comunicación, no estrito contexto da DIXITAL WEEK.

Así mesmo, recoñezo ter sido informado/a da posibilidade de revogar este consentimento en calquera momento, mediante unha comunicación escrita dirixida á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (se se produce antes do desenvolvemento da actividade) ou aos responsables da execución da actividade (se se produce durante o desenvolvemento da actividade). Neste último caso, os responsables da execución da actividade comunicarán inmediatamente a devandita revogación á devandita dirección xeral.

Lugar e data .....,..... de 2022

Asinado: .....(o/a alumno/a)

### AUTORIZACIÓN PARA USO DE COMPUTADORES Y APLICACIONES

D./Da.....  
co DNI ....., na miña condición de nai/pai/representante legal do  
alumno/a.....,  
AUTORIZO o uso de computadores con acceso a internet que fosen necesarios para o  
Programa da DIXITAL WEEK 2022.

AUTORIZO a que la empresa xestora faga uso dos datos do menor para dotalo de acceso á  
aplicación Google for education ou outras similares no marco do desenvolvemento do  
programa DIXITAL WEEK 2022.

Lugar e data .....,..... de 2022

Asdo: .....  
(a nai/representante legal)

Asdo: .....  
(o pai/representante legal)

### AUTORIZACIÓN PARA A ATENCIÓN SANITARIA URXENTE

D./Da.....  
co DNI ....., na miña condición de nai/pai/representante legal do  
alumno/a.....,  
AUTORIZO as decisións medico-cirúrxicas que sexa preciso adoptar en caso de extrema  
urxencia, baixo a adecuada dirección facultativa, de ser precisas durante o desenvolvemento  
da DIXITAL WEEK 2022.

Lugar e data .....,..... de 2022

Asdo: .....  
(a nai/representante legal)

Asdo: .....  
(o pai/representante legal)

## NORMAS DE CONVIVENCIA E DISCIPLINA ACADÉMICA

Débense seguir as directrices e ordes dos monitores e das monitoras e/ou profesores e profesoras respecto tanto da súa aprendizaxe como de calquera outra actividade.

Débese respectar a liberdade de conciencia e as crenzas morais e relixiosas de alumnado e profesores/monitores.

Débese respectar así mesmo a dignidade, integridade e intimidade, incluída a orientación sexual, de alumnado e profesores/monitores, sen permitir, baixo ningún concepto, o exercicio de violencia, ben sexa física ou verbal.

Todos os participantes terán a obriga de participar nas actividades obrigatorias programadas.

Queda completamente prohibido o maltrato aos compañeiros e compañeiras, dos monitores e das monitoras e/ou profesores e profesoras ou a calquera outro ser vivo (animais ou plantas).

Débense respectar as normas de organización, convivencia e disciplina establecidas para a actividade incluída a prohibición expresa de consumir drogas, tabaco, alcohol e calquera sustancia inadecuada nas súas instalacións durante o período de duración da actividade.

É obrigatorio manter a orde nos cuartos e no resto da instalación. Cada participante farase responsable do coidado e orde de todos os seus obxectos persoais.

Débese coidar a hixiene persoal diaria.

Non está permitido saír do cuarto unha vez dado o toque de silencio e non se pode organizar ningún tipo de reunión nos cuartos nin realizar saídas nocturnas fóra dos cuartos sen a previa autorización do monitor ou da monitora responsable.

Débese asistir puntualmente a todas as actividades, de xeito que se permita o cumprimento dos horarios e calendario da actividade.

Débense respectar tanto aos compañeiros como aos profesores, profesoras/monitores, monitoras e non se permite o emprego de linguaxe irrespectuosa ou ofensiva. Do mesmo xeito, sancionárase o abuso —sexa físico, verbal ou psicolóxico— de calquera participante, sexa alumno/a, profesor/a, monitor/a.

Non está permitida a solicitude de comidas especiais para favorecer os gustos do participante. Permítese unicamente menús especiais naqueles casos de enfermidade (alerxias e intolerancias, etc.)

Débense respectar as instalacións e todo o seu contido e facer un uso apropiado de elas.

O pai/nai/representante legal do alumno/a acepta e se compromete expresamente a cumprir as anteriores normas de comportamento e disciplina académica e acepta que, en caso de condutas contrarias e incumprimento de calquera das anteriores normas por parte do alumnado, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá acordar as medidas correctoras que estime convenientes e que deberán serlle notificadas no prazo máis breve posible.

O alumnado estará baixo a tutela do coordinador e titor de Hezkide XXI, S.L. que, no seu caso, acompañe ao grupo durante o programa.

O abandono da actividade só poderá ser por causa xustificada: cita médica inaprazable, intervención cirúrxica, chamamento xudicial etc

....., a ..... de ..... de 2022

Asdo: .....  
(a nai/representante legal)

Asdo: .....  
(o pai/representante legal)

*Completar e asinar só nos casos pertinentes*

**AUTORIZACIÓN PARA ABANDONO DA ACTIVIDADE**

D./Da.....  
co DNI ....., na miña condición de nai/pai/representante legal/titor/a do  
alumno/a .....,

AUTORIZO a abandonar a actividade DIXITAL WEEK 2022:

A) A tempo parcial, das ..... ás ..... horas do día/s ..... de 2022 acompañado por ..... co DNI ....., na súa condición de ..... data e hora de nova incorporación á actividade.....
B) Durante o desenvolvemento da actividade, o día ....., ás..... horas acompañado por ..... co DNI ....., na súa condición de .....
C) Unha vez finalizada a actividade acompañado por ..... co DNI ....., na súa condición de .....

Lugar e data .....,..... de 2022

Asdo: .....  
(a nai/representante legal)

Asdo: .....  
(o pai/representante legal)